

O martes 23 de xullo publícase no DOG a ORDE do 15 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a **concesión de subvencións**, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a fomentar a **inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero**, e se convocan para o ano 2019 (códigos de procedemento MR466A e MR466B). Esta orden ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, destinadas a fomentar a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero a través do financiamento da súa **contratación por empresas, entidades asociativas e persoas titulares de explotacións do sector agrario (procedemento MR466A) e forestal (procedemento MR466B) que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia**, e convocalas para o ano 2019.

Poderán ser beneficiarias as cooperativas ou entidades asociativas do sector agrario, as empresas (persoas físicas ou xurídicas) do sector agrario de produción e/ou transformación de produtos agrarios, así como as empresas inscritas no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (Ropciv) que leven a cabo esta actividade nas condicións establecidas nesta orde.

Será subvencionable a contratación con carácter temporal de mulleres vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, para o desempeño dun posto de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia. **O contrato deberá formalizarse por un período mínimo de 3 meses e máximo de 12 meses.**

A contía da subvención que se concederá ás entidades beneficiarias será, por cada muller contratada a tempo completo, a equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo convenio colectivo ou normativa laboral aplicable vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, ata o 23 de agosto.

